ADDENDA AO CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE TEO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DUN SILO PARA ALMACENAMENTO DE LODOS NA EDAR DE CALO"

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

De outra parte, Lucía Calvo de la Uz, alcaldesa do Concello de Teo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

1. O 03.08.2026 formalizouse o convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Teo para a subministración e montaxe dun silo para almacenamento de lodos na EDAR de Calo.

2. O 14.08.2026 o Concello de Teo solicitou ampliar o prazo previsto para o financiamento dos gastos realizados ata o 30 de novembro de 2026.

Por todo o exposto, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula oitava (vixencia do convenio) do convenio nos seguintes termos:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: e5GdYCOmc7U0 https://sede.xunta.gal/cve

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de novembro de 2026 e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes as obrigas recollidas nel para cada unha das partes.

2. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mais o resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coa cláusula desta addenda, as partes asinan de maneira electrónica este documento.

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES
Cargo: Conselleira
Data e hora: 30/09/2026 11:14:08

Asinado por: CALVO DE LA UZ, LUCIA
Cargo: Alcaldesa-Presidenta (Concello de Teo)
Data e hora: 30/09/2026 09:56:14

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código. **CVE:** e5GdYCOmc7U0 https://sede.xunta.gal/cve